

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña

Asunto: Alegacións POR DEFECTOS NA TRAMITACIÓN do procedemento relativo ao ACORDO do 24 de febreiro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Monte Neme nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña) (expediente IN661A 2007/04), DOG Núm. 47, de 9 de marzo de 2022 e relativo ao ANUNCIO do 17 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto Parque eólico de Monte Neme, nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (expediente 2020/0248), DOG Núm. 14, de 20 de xaneiro de 2023.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do ANUNCIO do 17 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto Parque eólico de Monte Neme, nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (expediente 2020/0248), DOG Núm. 14, de 20 de xaneiro de 2023 e do ACORDO do 24 de febreiro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Monte Neme nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña) (expediente IN661A 2007/04), DOG Núm. 47, de 9 de marzo de 2022, por medio do presente escrito presenta **ALEGACIÓNS POR DEFECTOS NA TRAMITACIÓN** en base ás seguintes consideracións:

I.- ANTECEDENTES E CONTEXTO NO QUE SE PREVÉ DESARROLLAR O PROXECTO EÓLICO MONTE NEME

Indica a documentación do proxecto industrial eólico Monte Neme:

“A evacuación da enerxía eléctrica producida no parque eólico realizarase a través dunha liña eléctrica aérea de alta tensión 66 kV que transportará a enerxía desde a subestación Monte Neme ata a subestación Cabana, que será obxecto doutro proxecto independente”.

“LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños Línea de evacuación del futuro parque eólico Monte Neme. Constaría de un total de 67 apoyos y tendría una longitud de 14,7 km. Parte de la subestación del futuro parque eólico Monte Neme, cerca de Cances Grande, en Carballo, a unos 15 km al E de la subestación de Cabana. Cruza el río Anllóns cerca de la Capela de Santa Mariña y del azud de la central hidroeléctrica de Corcoesto, pasa muy cerca, por el sur, de esta parroquia y enfila en dirección O hacia la subestación de Cabana, cruzando la línea anterior Malpica-Cabana en el monte de Campo Sampil.

Las tres líneas sólo se encuentran a una distancia inferior a 1 km en el entorno de la subestación de Cabana. La línea de evacuación de Monte Neme se localiza en más de un 90% de su recorrido a una distancia superior a 1 km de las otras dos líneas identificadas, ya existentes”.

“Por otra parte, la empresa distribuidora de energía eléctrica en la zona, UNIÓN FENOSA, estableció el punto de interconexión del Parque Eólico a la red en la Subestación de Cabana 66 kV, en Cabana de Bergantiños (La Coruña). Esta línea es objeto de proyecto y expediente administrativo independiente”.

Non se somete a avaliación ambiental conxuntamente co parque eólico a totalidade das infraestruturas deste como a liña de evacuación e de conexión. Polo tanto, a veciñanza afectada pola liña de evacuación non ten a opción de avaliar o impacto da totalidade das instalacións do parque eólico Monte Neme (aeroxeradores, Set, gabias de cableado...etc). Réstase e incluso se impide a participación da cidadanía no proceso de tramitación da totalidade das infraestruturas do parque eólico como ben indica o Consello da Cultura Galega no seu informe (ver <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>). Vulnéranse por tanto dereitos das persoas, non só xa os dereitos á información e o dereito de participación, senón dereitos máis fundamentais como é o dereito á saúde, o dereito ao benestar físico e psíquico da cidadanía e das colectiviades, entendidas estas como as familias dos núcleos rurais afectados e o dereito a decidir, relacionados cos anteriores.

Polo tanto, e a pesar de ser parte das infraestruturas de evacuación deste proxecto, substráese da información pública co que se está a privar á cidadanía afectada e ao público da súa consulta e avaliación dos impactos ambientais vulnerándose a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

As instalacións de evacuación e conexión son intrínsecas ao parque eólico Monte Neme, por tanto, debería analizarse en todo o procedemento de avaliación ambiental. Estas infraestruturas resultan imprescindibles para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico indicado, debido ao cal débense analizar pormenorizadamente os efectos e impactos da totalidade das infraestruturas asociadas ao parque.

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

Por outra banda, tampouco se avalían os impactos acumulados e sinérxicos da totalidade dos parques eólicos e das infraestruturas de evacuación e conexión asociadas existentes no mesmo ámbito xeográfico de implantación do parque eólico Monte Neme.

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións tanto á poboación como aos animais da zona. Preocupa, especialmente, a situación da avifauna e os quirópteros, dado que esta concentración e constelación de parques podería supor un incremento significativo da mortalidade, do efecto baleiro (abandono da zona) e do efecto barreira. Neste último caso, cuxo resultado directo sería o da perda de conectividade ecolóxica, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte:

“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”

En suma, cabe indicar a seguinte consideración, incluída no borrador da “Estrategia estatal de infraestructura verde y de la conectividad y la restauración ecológicas” realizada polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico na que se sinala que se debe perseguir a:

“Mitigación de las barreras producidas por la infraestructura de producción y distribución de energía, prioritariamente en aquellos parques eólicos y tramos de los tendidos eléctricos que atraviesen áreas relevantes para la diversidad de aves y murciélagos y/o concentren un elevado número de electrocuciones o colisiones.”

Ao anterior hai que engadir a presenza de aves e quirópteros (morcegos) en estado de perigo de extinción ou vulnerables segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e/ou o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA).

En definitiva, a mancha de parques eólicos previstas na área xeográfica do parque eólico Monte Neme e a súas infraestruturas de evacuación non son compatibles coa conservación dos corredores ecolóxicos nin coa pretensión de mitigar as barreras á fauna, e máis se temos en conta a presenza próxima da Rede Natura 2000 e a importancia dos cursos fluviais como garantes da conectividade ecolóxica.

Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada fragmentación, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.



Imaxe do proxecto do parque eólico Monte Neme coas 3 liñas de evacuación e a subestación de Cabana.

- LAT 66 kV ST Corme-ST Cabana de Bergantiños
- LAT 66 kV ST Malpica-ST Cabana de Bergantiños
- LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños

Unha liña de evacuación sobrevoando a AEIP Val fluvial do río Lourido, o LEIP Santa Mariña do Remuíño e a Rede Natura 2000 ZEC e ZEPVN río Anllóns, proxecto co que non podemos estar máis en desacordo polos impactos paisaxísticos e ambientais que infire no territorio afectado.

Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestruturas do proxecto industrial.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunáis de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientáis, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue:

"3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectúase de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de

orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionáis de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, a fragmentación artificiosa tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en cuenta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de

conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Pero hai que ter en conta tamén que existe unha mancha de infraestruturas eólicas no ámbito xeográfico de afección do proxecto, o que acrecenta progresivamente o feísmo paisaxístico, xa que están a instalarse estacións eólicas e formando verdadeiros polígonos industriais nos cumes dos montes e das montañas, afectando a áreas como é este caso de alto valor ambiental, hídrico e paisaxístico e patrimonial.

II.-CONTEXTO NO QUE SE PREVÉ O DESARROLLO DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME

▪ ELEVADO GRADO DE SATURACIÓN EÓLICA OU PRESIÓN EÓLICA EXCESIVA

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permiten inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas previstas como se citou anteriormente.

Cómpre ter en conta a presenza doutros parques moi próximos como:

- 1.- Parque eólico Alto do Torreiro, en Cabana de Bergantiños.
- 2.- Parque eólico Bustelo e Baralláns, en Cabana de Bergantiños.
- 3.- Parque eólico Agrelo e Muriño, en Cabana de Bergantiños.
- 4.- Parque eólico Monte Chan, en Laxe.
- 5.- Parque eólico Soesto, en Laxe.
- 6.- Parque eólico Pena dos Mouros, en Laxe.
- 7.- Parque eólico de Corme (repotenciación), Rede Natura 2000, en Ponteceso.
- 8.- Parque eólico Monte Neme
- 9.- Parque eólico de Malpica
- 10.- Parque eólico As Salgueiras
- 11.- Parque eólico Silvarredonda
- 12.- Parque eólico O Cerqueiral
- 13.- Parque eólico Campelo
- 14.- Parque eólico Bustelo
- 15.- Parque eólico Monte Toural
- 16.- Parque Eólico Pedrarrubia
- 17.- Parque Eólico Monteagudo

LAT 66 kV ST Corme-ST Cabana de Bergantiños

LAT 66 kV ST Malpica-ST Cabana de Bergantiños

LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños

Outros parques e liñas de evacuación totalmente obviados pola mercantil promotora.

Ao anterior hai que engadir as liñas de alta tensión, puntos de apoio destas, accesos aos puntos de apoio....etc. Estes impactos foron obviados pola mercantil promotora do parque eólico Monte Neme.

O mesmo sucede agora co proxecto eólico Monte Neme. Ao fragmentarse o proxecto eólico aos efectos ambientais en varios proxectos independentes é imposible determinar o verdadeiro alcance dos impactos ambientais da totalidade da infraestrutura eólica nin coñecer as posibles alternativas máis adecuadas para minimizar eses impactos.

O impacto paisaxístico é inasumible, brutal e severo. A propia mercantil promotora recoñece que:

“La instalación de nuevos parques eólicos disminuirá la calidad visual del paisaje, ya que aumenta la presión sobre el territorio de aerogeneradores visibles y de nuevas infraestructuras como son los viales, que provocan una rotura de la continuidad del paisaje”.

A mercantil promotora ten que ter en conta que todos estes parques presentan afeccións comúns sobre os mesmos espazos, incluída a REDE NATURA 2000.

A mercantil promotora só ten en conta as instalacións eólicas existentes nun buffer de 5 km. Aínda así non avalia os impactos acumulados e sinérxicos sobre a flora, a fauna, os recursos hídricos, as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados polo proxecto, a paisaxe, o turismo, o monte, a agricultura, a gandería, a hostalería e turismo, o Camiño de Santiago, o patrimonio cultural...etc.


O impacto paisaxístico é inasumible, brutal e severo.

III.- AUSENCIA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Mentras que Galicia ten unha potencia eólica instalada de 3866 MW, outras comunidades como Madrid ten 0 MW, Euskadi, 153 MW e Cataluña 1271 MW.

En canto aos parques eólicos en tramitación, mentras que Galicia ten arestora 300, Madrid non ten ningún, Euskadi ten 12 e Cataluña, 8.




IV.- A INIDONEIDADE DA LOCALIZACIÓN DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME: ZONIFICACIÓN DE MÁXIMA SENSIBILIDADE AMBIENTAL E NA QUE NON SE RECOMENDA A INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS EÓLICAS

A poligonal do proxecto eólico Monte Neme coincide con zonas de Máxima sensibilidade ambiental segundo a Clasificación de sensibilidade ambiental proporcionada pola Zonificación ambiental para enerxías renovables elaborada polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (Resolución de 30 de diciembre de 2020, de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, por la que se formula la declaración ambiental estratégica del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030, «BOE» núm. 9, de 11 de enero de 2021).


Según a información proporcionada por esta ferramenta, a poligonal do proxecto eólico Monte Neme ubícase en áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, pola súa máxima sensibilidade ambiental.

Clasificación sensibilidade ambiental

- Máxima (no recomendado)
- Muy alta
- Alta
- Moderada
- Baja




Localización da entorna do aerogenerador WTG04



Localización da entorna da Subestación do proxecto eólico Monte Neme



V.- A LOCALIZACIÓN INIDÓNEA DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME: A PROXIMIDADE Á REDE NATURA 2000 E AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DESTA: COSTA DA MORTE (NORTE), ESPAZO MARIÑO DA COSTA DA MORTE CÓDIGO DA ZEPA: ES000497, ZEPA COSTA DA MORTE CÓDIGO DO LIC: ES1110005 E RÍO ANLLÓNS CÓDIGO DO LIC: ES1110015, ÁREAS IMPORTANTES PARA A CONSERVACIÓN DAS AVES: IBA COSTA DA MORTE, CÓDIGO 4.



Nombre del LIC Costa da Morte

Código del LIC ES1110005

Nombre de la ZEPA Costa da Morte
(Norte)

Código de la ZEPA ES0000176

Superficie oficial ZEPA
(ha) 7.962,28

Superficie oficial LIC (ha) 11.809,36


Nombre del LIC

Código del LIC


Nombre de la ZEPA Espacio marino de la
Costa da Morte

Código de la ZEPA ES0000497

Superficie oficial
ZEPA (ha) 316.283,05




Nombre del LIC	Costa da Morte
Código del LIC	ES1110005
Nombre de la ZEPA	
Código de la ZEPA	
Superficie oficial ZEPA (ha)	0,00
Superficie oficial LIC (ha)	11.809,36



Nombre de la ZEPA	Espacio marino de la Costa da Morte
-------------------	-------------------------------------

Código de la ZEPA ES0000497

Superficie oficial
ZEPA (ha) 316.283,05



Nombre del LIC Río Anllóns

Código del LIC ES1110015

Nombre de la ZEPA

Código de la ZEPA

Superficie oficial ZEPA (ha) 0,00

Superficie oficial LIC (ha) 161,98


▪ **A NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000**

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.


Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede.

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

No caso que nos ocupa cómpre ter en conta que xa hai parques eólicos instalados e en funcionamento na propia Rede Natura 2000 como é o parque eólico repotenciado de Corme.




Código IBA	4
Nombre de la IBA	Costa da Morte Norte
Superficie (ha)	331.039,92
Provincia	A CORUÑA
Comunidad Autónoma	GALICIA



Rede de Áreas Mariñas Protexidas

Tipo	ZEPA
Nombre	Espacio marino de la Costa da Morte
Código	ES0000497
Superficie (ha)	318.219,22


VI.- AFECCIÓN SEVERA A HUMEDAIS E IMPACTO PAISAJÍSTICO VISUAL E SEVERO SOBRE O SISTEMA LAGUNAR DE RAZO -BALDAIO E MARISMA DE BALDAIO



Nombre	Marisma de Baldaio
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia

Nombre	Laguna de Alcaián
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia

Nombre	Ensenada da Insua
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia



BirdLife INTERNATIONAL Partnership for nature and people

Zona de datos

Mapa...

Inicio - Especies - Sitios (IBA) - Perfiles de países - Estudios de caso - Herramientas - Solicitar datos - Publicaciones - Ciencia ciudadana

costa da morte ES004

Resumen - cuenta de texto - Tabla de datos e información detallada - Mapa - Referencia y más recursos


País/territorio: España
 Coordenadas centrales: 43 ° 13' 59" Norte (43,23 °) 8 ° 59' 59" Oeste (-8,99 °)
 Superficie: 354.340 ha
 Altitud: 0-291 m

Cita recomendada
 BirdLife International (2022) Hoja informativa sobre áreas importantes para las aves: Costa da Morte. Descargado de <http://www.birdlife.org> el 03/11/2022.


▪ A IMPORTANCIA DO LITORAL DA COSTA DA MORTE

A Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) é unha categoría de protección de carácter europeo e é outorgada a áreas naturais de especial relevancia para a conservación das aves, particularmente as que están ameazadas de extinción.

Para este obxectivo é primordial a conservación dos seus hábitats coas condicións ambientais necesarias para o descanso, reprodución e alimentación das aves.



ES0000497 Espazo mariño da Costa da Morte. Fonte: Ministerio de Medio Ambiente.



O proxecto eólico Monte Neme prevé o seu desenvolvemento a escasos metros da liña da ribeira do mar

Según a Directiva 79/409/CEE, do 2 de abril, relativa á conservación das aves silvestres (Directiva de Aves), as ZEPA´s son zonas de especial protección para as aves silvestres. A Rede de ZEPA´s é unha figura de protección, establecida na Directiva de Aves, para as 175 especies de aves consideradas máis ameazadas en Europa e, especialmente, para as aves migratorias. Un determinado lugar, para ser designado ZEPA, debe albergar un número mínimo de aves que lle outorgue unha importancia internacional.

As ZEPA´s, xunto cos LIC (Lugares de Interese Comunitario), integran a Rede Natura 2000, cuxo obxectivo é a conservación da biodiversidade na Unión Europea.

As Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAS) son zonas delimitadas e definidas polas Comunidades Autónomas, a partir de áreas que en cada rexión considéranse importantes para as aves. O Ministerio de Medio Ambiente é o encargado de tramitar a documentación ante a Unión Europea.

As actividades humanas que están permitidas nas ZEPA´s son todas aquelas que non prexudiquen ás especies de aves polas cales se protexeu dita zona.

A Orde AAA/1260/2014, do 9 de xullo, pola que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas, «BOE» núm. 173, do 17 de xullo de 2014, establece a declaración de 39 espazos das augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición española como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), de conformidade co establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Entre eses espazos está o ES0000497 Espazo mariño da Costa da Morte, con unha superficie de 3.162,83 Km².

Este espazo mariño ocupa gran parte da plataforma continental fronte á costa dá Morte, no noroeste de Galicia. O interese do espazo radica na súa importancia como embude migratorio debido á súa privilexiada situación xeográfica e aos fortes ventos predominantes de compoñente N e NW. Estímase que máis dun millón de aves mariñas pasan por esta zona durante o verán-outono (migración postnupcial). A maior parte das aves en migración proveñen do norte de Europa e Siberia occidental, pero tamén hai especies mediterráneas (pardela balear, *Puffinus mauretanicus*), neárticas (gavota de Sabine, *Larus sabini*) e do hemisferio Sur (pardela sombría, *Puffinus griseus*). A elevada produtividade da zona convértea tamén nunha importante área de alimentación, tanto para as especies en migración como para as locais (reprodutoras e invernantes). Entre as reprodutoras locais destacan a gavota tridáctila (*Rissa tridactyla*) e o arao común ibérico (*Uria aalge ibericus*), que concentran as súas únicas colonias españolas nas costas enfrontadas ao espazo protexido. A zona conta tamén con colonias de paíño europeo (*Hydrobates pelagicus*) e corvo mariño moñudo (*Phalacrocorax aristotelis aristotelis*).

A conservación destes taxóns na ZEPA resulta prioritaria debido a que os seus valores poboacionais, status de ameaza ou representatividade xustifican a importancia ornitolóxica da área a nivel nacional e internacional.

A importancia da Rede Natura 2000 deriva da necesidade de facer efectiva a conservación de hábitats, flora e fauna, a través dos instrumentos previstos, como é a declaración de zonas ZEPA. Doutra banda, lembrar a obriga dos Estados de facela efectiva, que en tanto que debe prevalecer a protección dos devanditos lugares xa que doutro xeito non tería sentido, o cal conleva que as actividades que se pretendan levar a cabo nesta áreas teñen que ser compatibles cos obxectivos que perseguen tal protección.

Cómpre ter en conta a afección acumulada sobre estes espazos da totalidade dos parques eólicos e infraestruturas de evacuación presentes na mesma área xeográfica.





☞ Afecção severa e prexuízos irreversibles para especies ameazadas como:


Charadrius alexandrinus, *Emberiza schoeniclus lusitanica*, *Emys orbicularis*, *Galemys pyrenaicus*, *Isoetes fluitans* e *Margaritifera margaritifera*.



Baldaio, santuario da pílara das dunas


VII.- A LOCALIZACIÓN INIDÓNEA DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME: SOBRE ZONAS DE CAPTACIÓN DE AUGAS DE ZONAS SENSIBLES, ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES E ZONAS DE MASAS DE AUGA SOTERRADAS QUE SE SOLAPAN COA REDE NATURA 2000

1.- Zona Protexida de Augas Potables que se solapan coa REDE NATURA 2000



Cód. Temático	ES014MSBT014-009
Esquema temático	euProtectedAreaCode
Nombre	Costa da Morte
Fecha de designación	14/09/2012
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Nombre base legal	Directive 2000/60/EC of the European Parliament
Link base legal	Ver link base legal
Ámbito base legal	european
Superficie (km2)	1.256,1815

2.- Zona de masas de augas soterradas que se solapan coa REDE NATURA 2000



Cód. Masa de agua	ES014MSBT014-009
Nombre masa de agua	Costa da Morte
Superficie (km2)	1.256,1772
Cód. Demarcación Hidrográfica	ES014
Demarcación Hidrográfica	GALICIA-COSTA

3.- Afección aos recursos hídricos na entorna do proxecto eólico Monte Neme

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidais, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada pola mercantil promotora.

A mercantil promotora non avalía a calidade das masas de auga afectadas polo proxecto. Non existe estudo algún sobre a importancia dos ríos, regatos e a conectividade ecosistémica dos corredores fluviais da área de afección do proxecto. Non se miden os caudais dos cauces afectados e non se garante a integridade dos acuíferos e das masas de auga soterradas. Tamén se obvia a calidade destas.

Na paraxe de Pedra Blanca (Monte Neme), onde a Fonte Fiosalvo, nace o rego das Gándaras que rega o humidal das Gándaras de Cances, recoñecido no PXOM do municipio de Carballo.

Existen outros cauces directamente afectados como o rego da Bandeira, o rego do Monte Neme, rego de Tuíxe, rego de Oza, rego de Vilardóns, regato das Varelas,...

O rego da Bandeira nace na Fonte Seca (directamente afectado polas infraestruturas eólicas), atravesa o Rei Covo e Cances Grande, ata confluír no Torno co rego de Cances.

No Monte Ginedo e Neme nace un cauce innominado que tributa no rego dos Riás e que desemboca na praia dos Riás.

O rego do Monte Neme nace na paraxe de Piquitos e tributa no rego de Oza. Este rego, a escasos metros do seu nacemento, queda debaixo dunha das balsas mineiras abandonadas do Monte Neme. Sae da balsa con auga e metáis pesados e continua o seu devir cruzando Arnados ata desembocar no Atlántico, entre a praia de Razo e a praia de Baldaio.

En Balseiras nace un rego que é aproveitado por un depósito e do que emana un cauce.

En Mourelos nace un rego innominado que desemboca en Razo Costa.

A afección esténdese ás fontes: Fonte Zapateira, Fonte de Piosalvao, Fonte de Santa Cristina, Fonte do Seixo, Fonte do Millo, Fonte Traveso, Fonte Entrares, A Fonte, O Picho, Fontoiras, Fonte Durminde, Fonte do Rei,...etc.

Advírteselle neste sentido que estaremos moi pendentes das afeccións aos cauces producidas polo parque eólico proxectado.

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores

fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

▪ **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA O SISTEMA DE BRAÑAS E HUMIDAI DA ZONA DE AFECCIÓN DO PROXECTO**

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais as infraestruturas do proxecto aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, brañas e lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións dos vasos e do túnel pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Existe unha afección importante para as brañas e humidais como:

- ✚ Lagoa de Baldaio
- ✚ Casadelas
- ✚ Carballo – 1
- ✚ Carballo – 2
- ✚ Rego da Gándara
- ✚ Gándara de Cances
- ✚ Rego de Barcia
- ✚ Marisma de Baldaio
- ✚ Trasdunas de Baldaio
- ✚ Lagoas da Costa das Penas e Barreiros
- ✚ Brañas da Fonteseca directamente afectadas polas infraestruturas eólicas e deterioradas pola explotación mineira sen restaurar existente no Monte Neme, froito do desleixo da Xunta de Galicia, que permitiu que un espazo de alto valor paisaxístico e de orixe sacra, fose deteriorado pola actividade mineira a ceo aberto e contaminante sen control algún.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos e infraestruturas hidroeléctricas en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. Desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é “establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa identificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal,

hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.


Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario difícilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción das infraestruturas industriais sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións, as gaviás de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de transformación están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de proxectos industriais no seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncais, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.


VI.- AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE PARA HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO

Existe a obriga de manter os hábitats de interés comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación, como se prevé o caso das infraestruturas do proxecto eólico Monte Neme.



Aeroxerador 2 sobre Hábitats prioritarios Código 4020*

Id.	7333
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	302022
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	90%
Alianza	Daboecion cantabricae (Dupont ex Rivas-Martínez 1979) Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999
Especies alianza	Alchemilla angustiserrata, Carex asturica, Centaurium scilloides, Cirsium filipendulum, Daboecia cantabrica, Erica ciliaris, Erica mackaiana, Festuca ovina subsp. hirtula, Festuca paniculata subsp. longiglumis, Laserpitium prutenicum subsp. doufourianum,
Nombre fitosociológico	Brezal-tojal meso-higrófilo galaico-portugues y galaico-asturiano septentrional
Nombre genérico	Brezal-tojales
Código UE habitat	4020
Prioritario	*
Definición	Brezales húmedos atlánticos de zona templadas de Erica ciliaris y Erica tetralix



Aeroxerador 3 sobre Hábitats prioritarios Código 4020*

Código habitat 302022

Naturalidad 3

Porcentaje habitat 90%

Alianza Daboecion cantabricae (Dupont ex Rivas-Martínez 1979) Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999

Especies alianza Alchemilla angustiserrata, Carex asturica, Centaurium scilloides, Cirsium filipendulum, Daboecia cantabrica, Erica ciliaris, Erica mackaiana, Festuca ovina subsp. hirtula, Festuca paniculata subsp. longiglumis, Laserpitium prutenicum subsp. doufourianum,

Nombre fitosociológico Brezal-tojal meso-higrófilo galaico-portugues y galaico-asturiano septentrional

Nombre genérico Brezal-tojales


Código UE habitat 4020

Prioritario

*

Definición

Brezales húmedos atlánticos de zona templada de Erica ciliaris y Erica tetralix



Id. 5262

Provincia A Coruña

Comunidad Autónoma Galicia

Código habitat 123012

Naturalidad 3


Porcentaje habitat 1%

Alianza Crithmo-Armerion maritima Géhu 1968

Especies alianza
Angelica pachycarpa,
Armeria berlengensis,
Armeria euscadiensis,
Armeria maritima subsp.
miscella, Armeria pubigera
subsp. depilata, Armeria
pubigera subsp. pubigera,
Centaurea borjae, Daucus
gingidium subsp.
atlanticum, Leucanthemum
ircutianum subsp. cr

Nombre fitosociológico	Céspedes costeros halocasmofíticos espelucícolas gallegos atlánticos
Nombre genérico	Céspedes costeros
Código UE habitat	1230
Definición	Acantilados con vegetación de las costas atlánticas y bálticas
d.	6726
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	123012
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	1%
Alianza	Crithmo-Armerion maritimae Géhu 1968
Especies alianza	Angelica pachycarpa, Armeria berlengensis, Armeria euscadiensis, Armeria maritima subsp. miscella, Armeria pubigera subsp. depilata, Armeria pubigera subsp. pubigera, Centaurea borjæ, Daucus gingidium subsp. atlanticum, Leucanthemum ircutianum subsp. cr
Nombre fitosociológico	Céspedes costeros halocasmofíticos espelucícolas gallegos atlánticos
Nombre genérico	Céspedes costeros
Código UE habitat	1230
Definición	Acantilados con vegetación de las costas atlánticas y bálticas

Id.	5262
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	123012
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	1%
Alianza	Crithmo-Armerion maritimae Géhu 1968
Especies alianza	Angelica pachycarpa, Armeria berlengensis, Armeria euscadiensis, Armeria maritima subsp. miscella, Armeria pubigera subsp. depilata, Armeria pubigera subsp. pubigera, Centaurea borjae, Daucus gingidium subsp. atlanticum, Leucanthemum ircutianum subsp. cr
Nombre fitosociológico	Céspedes costeros halocasmofíticos espelucícolas gallegos atlánticos
Nombre genérico	Céspedes costeros
Código UE habitat	1230
Definición	Acantilados con vegetación de las costas atlánticas y bálticas




Id.	10500
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	81E025
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	75%
Alianza	Osmundo-Alnion (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956) Dierschke & Rivas-Martínez in Rivas-Martínez 1975
Especies alianza	Arisarum proboscideum, Brachypodium gaditanum, Campanula primulifolia, Clematis campaniflora, Frangula alnus subsp. baetica, Holcus grandiflorus, Scrophularia laevigata, Scrophularia scorodonia.
Nombre fitosociológico	Alisedas galaico-portuguesas
Nombre genérico	Alisedas
Código UE habitat	91E0

Prioritario

*

Definición

Bosques aluviales de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)



CÓDIGO DE LA CUADRÍCULA	CÓDIGO DEL HÁBITAT	PRIORITARIO	DESCRIPCIÓN ESPAÑOL
29TNH29	1110	NO	Bancos de arena cubiertos permanentemente por agua marina, pocoprofunda.
29TNH29	1130	NO	Estuarios.
29TNH29	1140	NO	Llanos fangosos o arenosos que no están cubiertos de agua cuando haymarea baja
29TNH29	1150	*	Lagunas costeras.
29TNH29	1160	NO	Grandes calas y bahías poco profundas.
29TNH29	1170	NO	Arrecifes.
29TNH29	1210	NO	Vegetación anual sobre desechos marinos acumulados
29TNH29	1230	NO	Acantilados con vegetación de las costas atlánticas y bálticas
29TNH29	1310	NO	Vegetación anual pionera con <i>Salicornia</i> y otras especies de zonasfangosas o arenosas
29TNH29	1330	NO	Pastizales salinos atlánticos (<i>Glaucopuccinellietalia maritimae</i>)
29TNH29	1420	NO	Matorrales halófilos mediterráneos y termoatlánticos (<i>Sarcocorneteafructicosae</i>)

29TNH29	2110	NO	Dunas móviles embrionarias
29TNH29	2120	NO	Dunas móviles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas blancas)
29TNH29	2130	*	Dunas costeras fijas con vegetación herbácea (dunas grises)
29TNH29	2190	NO	Depresiones intradunales húmedas
29TNH29	2230	NO	Dunas con céspedes del Malcomietalia
29TNH29	3260	NO	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de <i>Ranunculionfluitantis</i> y de <i>Callitricho-Batrachion</i>
29TNH29	4020	*	Brezales húmedos atlánticos de zonas templadas de <i>Erica ciliaris</i> y <i>Ericatetralix</i>
29TNH29	4030	NO	Brezales secos europeos.
29TNH29	6220	*	Zonas subestépicas de gramíneas y anuales del Thero-Brachypodietea
29TNH29	6410	NO	Prados con molinias sobre sustratos calcáreos, turbosos o arcillo-limónicos (<i>Molinion caeruleae</i>)
29TNH29	6420	NO	Prados húmedos mediterráneos de hierbas altas del <i>Molinion-Holoschoenion</i>
29TNH29	6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino.
29TNH29	6510	NO	Prados pobres de siega de baja altitud (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>).
29TNH29	7220	*	Manantiales petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
29TNH29	8220	NO	Pendientes rocosas silíceas con vegetación casmofítica
29TNH29	8230	NO	Roquedos silíceos con vegetación pionera del Sedo-Scleranthion o del Sedo albi-Veronicion dillenii
29TNH29	8330	NO	Cuevas marinas sumergidas o semisumergidas.
29TNH29	91E0	*	Bosques aluviales de <i>Alnus glutinosa</i> y <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>).
29TNH29	9230	NO	Robledales galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> y <i>Quercus pyrenaica</i> .

▪ **AFECCIÓN SEVERA AS BRIÓFITAS E A AFLORAMENTOS ROCOSOS SIN CARACTERIZAR**


O proxecto eólico Monte Neme prevese desenvolver nunha área xeográfica na que destacan os afloramentos rochosos e os humedais, polo que a afección as briófitas é irreversible.

As briofitas desempeñan un rol imprescindible nos ecosistemas debido a que:

Modulan a humidade ambiental, absorbindo o exceso de auga das choivas e liberándoa lentamente cando o ambiente faise máis seco. Regulan o leito dos ríos, almacenan gran cantidade de auga. Frecan a erosión, protexendo o chan de inundacións violentas e entregando auga constante aos ríos e arrosios durante os meses máis secos. Ademais son as primeiras plantas en crecer sobre os chans tras os incendios. Interceptan, absorben e reteñen os minerais. Disoltos en augas de choivas, permiten a incorporación destes no ecosistema e diminúen o seu lavado cara aos ríos e mares. Facilitan fogar e protección a numerosos animais, especialmente invertebrados como insectos, arácnidos, rotíferos, nemátodos, moluscos e anélidos. Á súa vez, serven de material de construción de niños para varias aves e pequenos mamíferos. Favorecen a xerminación de sementes. Son capaces de achegar a humidade suficiente para o seu desenvolvemento. Permiten o asentamento de plantas. A materia vexetal creada polo crecemento continuo de capas de musgos e hepáticas sobre as rochas e a cortiza de árbores, facilita o asentamento e crecemento de distintos tipos de plantas vasculares. Fixan o carbono atmosférico e liberan osíxeno.

Na tramitación ambiental do proxecto non se realizou en estudo bioxeolóxico da importancia dos afloramentos rochosos da zona nin a relevancia paisaxística das formas presentadas por estes.

VII.- AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN. AFECCIÓN IRREVERSIBLE PARA OS HÁBITATS E AS ESPECIES.



Na imaxe entorna do aeroxerador número 2

Código de la especie	1191
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Alytes obstetricans
Código de la especie	1352
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Canis lupus*

Código de la especie 1172

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Chioglossa lusitanica*

Código de la especie 1283

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Coronella austriaca*

Código de la especie 1194

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Discoglossus galganoi*

Código de la especie 6929

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Hyla molleri*

Código de la especie 1259

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Lacerta schreiberi*

Código de la especie 1083

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N242

Nombre de la especie *Lucanus cervus*

Código de la especie 1355
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Lutra lutra

Código de la especie 1029
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Margaritifera margaritifera

Código de la especie 1358
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Mustela putorius

Código de la especie 6945
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Pelophylax perezi

Código de la especie 1216
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Rana iberica

Código de la especie 1213
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Rana temporaria

Código de la especie 1304
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA


Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Rhinolophus ferrumequinum
Código de la especie	1849
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Ruscus aculeatus
Código de la especie	1174
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Triturus marmoratus
Código de la especie	A072
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Pernis apivorus
Código de la especie	A073
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Milvus migrans
Código de la especie	A213
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Tyto alba
Código de la especie	A381
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N242
Nombre de la especie	Emberiza schoeniclus

Código de la especie A738
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N242
Nombre de la especie Delichon urbicum

Código de la especie A087
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N243
Nombre de la especie Buteo buteo

Código de la especie A210
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N243
Nombre de la especie Streptopelia turtur

Código de la especie A209
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE281N243
Nombre de la especie Streptopelia decaocto



Ubicación da entorna do aeroxerador 2

Código de la cuadrícula 29TNH29

Nº de especies presentes 113

O proxecto afecta tamén ás seguintes especies protexidas, incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), como vulnerables (V) ou en perigo de extinción (PE):

Flora

Centaurea ultrae (E)

Euphorbia uliginosa (E)

Fauna

Invertebrados:

Geomalacus maculosus (V)

Anfibios:

Chioglossa lusitana (V)

Rana iberica (V)

Hyla arborea (V)

Rana temporaria (V)

Discoglossus galganoi (V)**

Pez/agnatos:

** Poboacións insulares.

*** Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

**** Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

▪ **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E INCOMPATIBLES COA CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN DA ESCRIBENTA DÁS CANAVEIRAS (ESCRIBANO PALUSTRE)**

A zona afectada polo proxecto atópase dentro da área potencial, segundo o establecido no Plan Recuperación da subespecie lusitana da Escribenta dás canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *Lusitánica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio.

A Xunta de Galicia, tras darse a sí mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción. A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parque eólicos ou incluso complexos eólicos ou plans industriais de desenvolvemento eólico como é este caso, que afectan a esta especie con charcas, brañas e humidais cuxo perímetro están sen determinar, como é o presente caso, e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as mercantís promotoras eólicas como é este caso. Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que: "2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira

o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do período indicado. O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que: "A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto". "Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando. "A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndolas viables". O proxecto eólico constitúe un risco para a especie. O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. lusitánica Steinbacher) en Galicia indica: "A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas". Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade. No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar adar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta. Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. "Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos", advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

Con respecto ás especies en perigo de extinción cómpre ter en conta que a:

👉 **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece:**

Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas.

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.
2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4 que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

a) En perigo de extinción.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

b) Vulnerable.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro,

do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

Ausencia de medidas preventivas e correctoras. O Plan de Vixiancia ambiental non é unha medida preventiva de cara a protección das especies en perigo de extinción e as catalogadas como vulnerables.

A isto hai que engadir os impactos da LAT e do continxente de parques eólicos previstos para a mesma área xeográfica e os xa implantados.

VIII.- FRAGMENTACIÓN SEVERA DOS HÁBITATS E PERDA DE BIODIVERSIDADE. A CORTA DA MATOGUEIRA E A REMOCIÓN DO CHAN COAS CIMENTACIÓNS DOS AEROXERADORES ELIMINAN A FUNCIONALIDADE ACTUAL E POTENCIAL DESTA

A obra civil do proxecto eólico Monte Neme estima uns 5.623,30 metros de vieiros interiores, defínese unha sección tipo de vieiro cun ancho mínimo de 6 metros. Así mesmo, escavaranse uns 3.674,52 metros de gabias. Ao anterior hai que engadir os vieiros de acceso, as cimentacións das plataformas e todos os impactos derivados das infraestruturas de conexión e de evacuación.

A Declaración de impacto ambiental minimiza a afección severa aos hábitats prioritarios e de interese comunitario, fragmenta os ecosistemas e a paisaxe coa conseguinte perda debiodiversidade.

Hai que ter en conta tamén a liña de evacuación do futuro parque eólico Monte Neme. Constaría dun total de 67 apoios e tería unha lonxitude de 14,7 km. Parte da subestación do futuro parque eólico Monte Neme, preto de Cances Grande, en Carballo, a un 15 km ao E da subestación de Cabana. Cruza o río Anllóns preto da Capela de Santa Mariña e do represa da central hidroeléctrica de Corcoesto, pasa moi preto, polo sur, desta parroquia e enfila en dirección á subestación de Cabana, cruzando a liña anterior Malpica-Cabana no monte de Campo Sampil. 67 apoios é un número moi elevado de apoios tendo en conta que hai outras liñas de alta tensión e cómpre realizar os accesos a estes apoios. Ademais hai outras dous liñas relacionadas coa subestación de Cabana que tamén fragmentan o territorio, quebran a paisaxe e producen acúmulo de afeccións paisaxísticas. A perda de biodiversidade que se prevé é moi importante.

Cómpre resaltar e subliñar que estes hábitats son de interés comunitario e por tanto deben conservarse nun estado favorable. Ao respecto indicar que a mercantil promotora prevé a súa eliminación e por tanto a súa afección reversible.

Existe unha afección severa e prexuízos irreversibles para hábitats de interés comunitario: HIC 4020* Brezais húmidos atlánticos de zona templadas de Erica ciliaris e Erica tetralix, HIC 91E0* Bosques aluviales de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae) e o HIC 8230 (Rochedos silíceos con vexetación pionera de Sedo-Scleranthion e do Sedo albi-Veroniciondillenii).

O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.

- **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E IRREPARABLES PARA O BOSQUE AUTÓCTONO GALEGO OU ANCIENT WOOD**

**Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.
2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

Pero tamén é moi preocupante a afección severa e irreversible ás Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica 9230, hábitat non prioritario pero que igualmente existe o deber das Administracións públicas do seu mantemento nun estado de conservación favorable. A afección máis importante e severa prodúcese sobre dos numerosos cauces innominados afectados polas infraestruturas e que están sen codificar.

- **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA OS CHANS E O MEDIO AMBIENTE**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.


A implantación do parque eólico proxectado alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade dá terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminuen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

- **O DESARROLLO DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME IMPLICA UNHA TRANSFORMACIÓN URBANÍSTICA NON AMPARADA LEGALMENTE. A XUNTA DE GALICIA NON AUTORIZOU O CAMBIO DE USO DOS TERREOS FORESTAIS**

O proxecto eólico Monte Neme prevese desenvolver sobre terreos de monte afectados por incendios forestais.



Término Municipal	Carballo
Provincia	A Coruña
Comunidad Autónoma	Galicia
Nº Conatos	665
Nº Incendios	97
Frecuencia Incendios Forestales	762
Superficie arbolada (ha)	167
Superficie no arbolada (ha)	333
Superficie Forestal Incendiada (ha)	500

A aprobación das modificacións da cualificación urbanística de terreos afectados por incendios forestais nun período de trinta anos a contar desde que estes producíronse, no marco do artigo 50.1 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes é competencia do Consello da Xunta de Galicia.

O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente Lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

En terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderán acordarse excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese contemplado:

a) Nun instrumento de planeamento previamente aprobado.

b) Nun instrumento de plan pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública.

No caso da área xeográfica de implantación do proxecto eólico Monte Neme este cambio de uso, de marcado carácter excepcional, non foi acordado pola Xunta de Galicia nin se xustificou nin se pode xustificar, posto que na tramitación ambiental do proxecto non se tivo en conta a función social do monte afectado polas infraestruturas do proxecto nin a función de descarbonización da economía que cumpre este, tal e como ven recoñecida nos artigos 3 e 5 da Lei de Montes de Galicia e no artigo 4 da Lei de Montes estatal.

A modificacións da cualificación urbanística pretendida nos terreos afectados por incendios forestais para a implantación do proxecto eólico non foi acordada polo Consello da Xunta, a excepcionalidade da medida carece de xustificación ao non obedecer a razóns de interés xeral e vulnera a normativa vixente.

Artigo 4 dá Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes. Multifuncionalidad dos montes.

Os montes, independentemente da súa titularidade, desempeñan unha función social relevante, tanto como fonte de recursos naturais e sustento de actividades económicas como por ser provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, de protección do chan e do ciclo hidrolóxico; de fixación do carbono atmosférico; de depósito da diversidade biolóxica e como elementos fundamentais da conectividade ecolóxica e da paisaxe.

O recoñecemento destes recursos e externalidades, dos que toda a sociedade benefíciase, obriga ás Administracións públicas a velar en todos os casos pola súa conservación, protección, restauración, mellora e ordenado aproveitamento.

Artigo 3 dá Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Principios da Lei.

A presente Lei inspírase nos seguintes principios:

a) A xestión sostible do monte conforme o seu multifuncionalidad ambiental, económica, social, cultural e patrimonial.

Artigo 5. Función social dos montes.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes

▪ **A PRESERVACIÓN DA CONECTIVIDADE E A INTEGRIDADE ECOLÓXICA DA REDE DE ESPAZOS NATURAIS CONSTITÚE UN REQUISITO LEGAL IMPOSTO POLOS DIRECTIVA HÁBITATS E POLA PROPIA LEI 42/2007**

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

Desde un punto de vista hidrógráfico, a zona de afección do parque eólico Monte Neme aséntase directamente sobre Zonas protexida de auga potable, zonas de captación sensibles e sobre masas de augas soterradas que conectan e solápanse coa Rede Natura 2000. As remocións de terras previstas para a construción das cimentacións das plataformas, vieiros, gabias...etc. implican un risco significativo e severo para a integridade das masas de auga superficiais e soterradas.

- **PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA O LOBO E PARA A VIABILIDADE DA ESPECIE DERIVADOS DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME E DEMAIS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS (OBXECTO DOUTROS PROXECTOS INDEPENDENTES E NON SOMETIDAS Á PRESENTE AVALIACIÓN AMBIENTAL). AFECCIÓN AOS SEUS PUNTOS DE ENCAMO E PUNTOS DE ENCONTRO LOBEIROS**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. A primeira alude directamente a puntos de encontro lobeiros e resultan afectados pola liña de evacuación. **Pero esta avaliación deberá ser previa á ubicación das instalacións do proxecto** e avaliar os seus impactos sinérxicos e acumulados coa totalidade de parques e infraestruturas de evacuación xa instaladas e aprobadas e pendentes de execución na mesma área xeográfica. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Polo tanto, antes de escoller o emprazamento do proxecto xa se deba prever estes puntos de encame e de encontros lobeiros. O proxecto tal e como se presenta no documento de inicio prevé a eliminación destes puntos de encontro e encame causando prexuízos irreversibles para a especie. Non se seguiron os criterios dos expertos que indican:

“• Na fase de planificación dun novo proxecto consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto das infraestruturas industriais sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido, modificando a disposición das infraestruturas e alonxando estas dos puntos de encame e puntos de encontro das manadas de lobos.

• É conveniente que durante a planificación dun proxecto industrial identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas industriais fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

▪ **O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO EÓLICO MONTE NEME**

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en cuenta, en particular:

a) o uso presente e aprobado da terra;

b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);

c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

i) húmidais, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,

ii) zonas costeiras e medio mariño,

iii) zonas de montaña e de bosque,

iv) reservas naturais e parques,

v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidais afectados.

O proxecto eólico Monte Neme resulta incompatible coas prioridades e usos previstos no Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

IX.- AFECCIÓN SEVERA PARA AS AVES E INSECTOS COMO CONSECUENCIA DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA XERADA POLAS INFRAESTRUTUAS EÓLICAS. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA CONECTIVIDADE ECOLÓXICA DOS ECOSISTEMAS.

A iluminación instalárase en todos os casos na parte superior da góndola do aeroxerador. Os aeroxeradores cuxa altura sexa igual ou inferior aos 150 metros non requirirán de luces adicionais intermedias na súa torre.

Aqueles que superen os 150 m de altura deben ter instaladas na torre luces de baixa intensidade Tipo E a distintos niveis. No presente caso os aeroxeradores deberan iluminarse.

Cómpre lembrar o contexto da área xeográfica na que se prevé a súa instalación: á beira da Rede Natura 2000 e con afección significativa e directa sobre ela e con presenza doutros parques eólicos xa instalados e en funcionamento.

O número de luces necesario por nivel dependerá do diámetro exterior do mastro das turbinas eólicas. Os números recomendados para obter a cobertura adecuada e asegurar a visibilidade desde todos os azimuts, son os seguintes:

Diámetro	Elementos luminosos por nivel
6 m o menos	3
6 m a 30 m	4
30 m a 60 m	6
Más de 60 m	8

Espaciado diametral de luces de obstáculos Doc. 9157 OACI, Parte 4, Cap. 14

A iluminación dos aeroxeradores que deban estar iluminados e que pertencen a un mesmo parque eólico, debe estar sincronizada tanto de día como de noite.

Dentro dun parque eólico, toda turbina sensiblemente maior ca da súa contorna deberá iluminarse independentemente da súa posición relativa ao resto.

Así mesmo, a iluminación de parques eólicos próximos (aqueles cuxa distancia entre os aeroxeradores que marcan as extremidades máis próximas entre si dos parques sexa inferior ou igual a 10 km) debe estar sincronizada entre si tanto de día como de noite.

Para conseguir que, tanto a configuración global de a iluminación de parques próximos, como o sincronismo de a iluminación de todos eles sexa coherente, os promotores de parques eólicos de nova construción deberán analizar a súa contorna e establecer os pertinentes acordos con propietarios e explotadores de parques existentes de forma que se coordinen os sincronismos e optimícese as iluminacións dos diferentes elementos para conseguir os necesarios obxectivos de seguridade e minimizar, no posible, o impacto ambiental producido.

No proxecto eólico Monte Neme non se tivo en conta a contaminación lumínica nin a incidencia desta sobre os espazos naturais e os humidais. Cómpre ter en conta que tampouco se tivo en conta a contaminación lumínica xerada polos aeroxeradores doutros parques xa implantados e en funcionamento na mesma área xeográfica.

X.- AFECCIÓN PAISAXÍSTICA MOI SEVERA E AFECCIÓN IRREVERSIBLE PARA A REDE DE MIRADOIROS. PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA DAS ÁREAS DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO, DOS LUGARES DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO E DOS MIRADOIROS. XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO E AFECCIÓN AO BENESTAR DAS FAMILIAS QUE VIVEN NOS NÚCLEOS RURAIS AFECTADOS


O parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación fragmenta os hábitats, os ecosistemas e implica directamente a perda de biodiversidade. Pero non é só este parque. Existen outros parques no mesmo ámbito xeográfico. O parque proxectado transforma as paisaxes de mosaicos agro –forestais e de montaña nunha paisaxe inhóspita de marcado carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión.

Por outra banda, o proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico do parque e que resultan obviadas pola mercantil promotora:


O Monte Neme (385 metros), O Monte Ginedo e Neme, As Chousas Vellas, Os Castros, O Coto de Vernes (348 metros), A Carballa Torta, O Garrido, A Pedra da Facha, O Castro, Os Castros, As Tiñosas, Tras das bouzas, As Gándaras de Cances, Os Chans, o Monte de Brión (196 metros), o Seixo Branco, A Seixoeira, o Seixiño da Barcia, o Monte de Friares, o Porto, O Porto de Razo, o Monte da Capela, a Capela de Sta. Mariña, A Cabreira, A Ferreira, As Tornadas, o Campo da Feira, as Casenlas, a Praia dos Riás, O Gaiterio, A Praia das Torradas, a Praia da Pradeira, As Uchas, As Percebiras, a Punta do Chan de Razo, O Porto de Mea, a Punta Corveira, a Muñeira, a Furna dos Corvos, a Praia de Razo, a Cabreira, a zona de lecer da Praia de Razo, a Punta da Falcoeira, o Illote de San Bartolomeu, a Pedra do Sal, o Ciñadoiro, a Pedra Negra, A Herbosa, Os Castelos, o Angueiro, os Conventos, a Devesa de Cambre, o Chan do Monte, o Marco dos Píos, As Peladas, o Brañal, os Barreiros, a Costa das Penas, a Xestela, a Agra de Mnade, o Porto Bo, San Miro, Costa das Penas, Matamouros, o Muíño de Matamouros, o Muíño de Santeiro, a Ibia, As Bouzas, as Lagoas e brañal da Costa das Penas, o Monte de Lamoso, o Monte da Arxa (205 metros), Os Chans, o Castro do Rodo, o Castro de Nión, o Petón do Lobo (235 metros), a Pedra dos Caldeiros (218 metros), o Monte da Teceira (225 metros) o Monte de Cambre (207 metros), O Petón do Caldeiro, o Asiñado, a praia de Baldaio, Os Xuncais de Baldaio, O Xuncal, a Marisma de Baldaio, Monte Má (125 metros), Os Riás, Os Castelos, o Porto de Meda, Santa Mariña, Sión, o Oratorio, as Uchas, Peralva ou Faro, a Pedra de Vilariño ou Vilao, Rei Covo, as Covas, a Avillariza, a Sapeira, O Foxo, os Pousadoiros, o Petón, Alto de Lendo, Pico de Meda, Monte Perrol, Illas Sisargas, Monte da Virxe do Faro en Brantuas, O Roncudo, ...etc.

Estas paisaxes identitarias ou peculiarias están construídas a partir das vidas das persoas, as súas percepcións e son moitas veces fundamentais para o sentimento de identidade e o benestar das persoas. Trátase de paisaxes identitarias das persoas que constrúen e viven na paisaxe en si, cuxas miradas probablemente non son panorámicas, nin sequera admiran, pero cuxas percepcións sensoriais descenden aos máis pequenos detalles, identificando paisaxes de vida, soños, símbolos. A mercantil promotora pretende a afección a estas paisaxes sin a preceptiva licenza social.

Estariamos a falar xa dunha paisaxe cada vez máis industrial co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro –forestais e de montaña. O impacto paisaxístico e a fragmentación dos hábitats é inasumible desde o punto de vista do benestar das familias afectadas e a perda da biodiversidade é incoherente coa crise climática actual. Ao anterior hai que engadir un impacto severo e inadmisibile sobre os recursos hídricos e as zonas húmidas sensibles como os humidais e as numerosas brañas.



<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Monte+Neme>



Afección severa ao Mirador da “Eira das Meigas” e ao Roteiro do Monte Neme

- **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA AS ÁREAS DE INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP). PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA E XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO**
 1. AEIP Val fluvial do río Lourido.
 2. AEIP Refuxio de Verdes


- **AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SEVERA E PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA DA REDE DE MIRADIOS**

1. Mirador Monte do Perrol
2. Mirador Pico de Meda
3. Miradoiro de Santa Irene do Castrillón
4. Miradoiro de Santa Mariña
5. Miradoiro de Santo Hadrián de Malpica de Bergantiños
6. Miradoiro de Caión en Laracha
7. Miradoiro do Roncudo en Corme
8. Miradoiro do Pico de Meda




Miradoiro de Santa Mariña en Carballo

- **AFECCIÓN SEVERA A ITINERARIOS DE CARÁCTER PATRIMONIAL E ÁS PAISAXES. AFECCIÓN SEVERA AOS CAMIÑOS DE SANTIAGO: ESPECIAL REFERENCIA Á VÍA CÉLTICA**
1. Calzada Romana Vía XX Per Loca Marítima/ Camiño Real A Coruña – Fisterra. ´
 2. Vía Céltica: VIA CÉLTICA: CAMIÑO MARÍTIMO DENDE OS PORTOS DE BERGANTIÑOS coas súas seis rutas.
 3. Roteiro do Monte Neme
 4. Ruta Sendas do mar (<http://turismocarballo.org/info.php?id=699&idioma=gl&sec=24>)
 5. Ruta dos muiños do pan
 6. Roteiro do Monte Neme e das antigas minas de wolframio



O Monte Neme e o Val fluvial do río Lourido xogan un papel fundamental no novo camiño de Santiago denominado Vía Céltica.



Ruta "Sendas do Mar" de Carballo

<http://www.turismocarballo.com/info.php?id=92&idioma=es&sec=24>



Praia de Razo -Baldaio co Monte Neme ao fondo

- **A AFECCIÓN DA LAT 66 KV ST MONTE NEME-ST CABANA DE BERGANTIÑOS SOBRE A AEIP VAL FLUVIAL DO LOURIDO**

Este proxecto de evacuación debe ser modificado polos prexuízos irreparables que ocasionaría á Rede Natura ZEC Río Anllóns, á AEIP Val fluvial do río Lourido e Carballeira de Sta. Mariña do Remuíño e ao Camiño de Santiago Vía Céltica ao seu paso polo val fluvial.

Cómpre ter en conta tamén os impactos derivados da infraestrutura de evacuación e das instalacións de conexión do parque e tamén os impactos causados pola aglomeración de parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación existentes ou xa previstos na área xeográfica de implantación da estación eólica.

O impacto paisaxístico do proxecto e sobre o turismo é inasumible se temos en conta os impactos derivados da totalidade das infraestruturas do parque e a mancha de parques eólicos que xa existen na mesma área xeográfica.

▪ **AFECCIÓN SEVERA A ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS E HOSTALEIROS:**

1. Camping Sisargas
2. Camping de Baldaio
3. Camping Os Delfíns
4. Camping As Névedas

Hai que ter en conta a importancia que para o turismo activo teñen as praias da zona como a praia de Razo e as demais praias de Carballo e Malpica.

▪ **A IMPORTANCIA DO SURF NAS PRAIAS DA ZONA E A AFECCIÓN PAISAXÍSTICA**

As ondas de Razo e Baldaio son idóneas para a práctica deste deporte, sobre todo entre os meses de setembro e abril, cando as mareas que veñen do Atlántico, principalmente das illas Azores, descargan con forza sobre as nosas costas. En todo o litoral carballés atoparás varias escolas e campamentos de surf, que combinan a aprendizaxe deste deporte con outras moitas actividades complementarias, que van dende o skate até o ioga.

1. Art Surf Camp
(Campamento, tenda e escola de surf)
2. Boaola Surf Club
(Campamento-escola de surf)
3. La Wave Baldaio
(Campamento-escola de surf)
4. Raz Surf Camp
(Campamento-escola de surf)
5. World Surf Camp

▪ **AFECCIÓN PAISAXÍSTICA A MUSEOS**

1. Eco – Museo Forno do Forte
2. Casa do Pescador – Colección Urbano Lúgrís de Malpica



Malpica de Bergantiños co Monte Neme ao fondo. O impacto dos aeroxeradores do parque proxectado é inasumible desde o punto de vista paisaxístico.

- **AFECCIÓN SEVERA PARA A REDE DE MIRADOIROS. PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA DESTES E XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO**

Monte Neme

Dende o Monte Neme poderás observarás todo o concello de Malpica e boa parte do de Carballo. Cos seus 386 metros, este monte é visible desde calquera punto do concello de Carballo.

<http://turismocarballo.org/info.php?sec=16&idioma=gl>

Os cumes de Carballo

No sur do concello destacan cumes como o monte da Peniqueira, con vistas únicas do noso Carballo interior, ou o monte Calvelo, dende o que se observa o mar ao lonxe.

Xa nas proximidades da costa, ademais do mítico Monte Neme, temos os Montes de Lendo e Oza. Mais quen queira xogar a posuír o infindo coa mirada haberá subir ao Petón do Lobo, entre Vilar de Cidre e Pardiñas (na parroquia costeira de Razo) e intentar abranguer toda a beleza da panorámica comprendida entre as illas Sisargas e a Pedra do Sal.

- **AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL E ÁS PAISAXES**

Illas Sisargas, Cabo de San Hadrián Miradoiro de Santo Hadrián, Faro de Punta Nariga, Mirador da Eira das Meigas, Monte da Virxe do Faro en Brantuas, O Roncudo, Muíños de Ardeleiro, Castro de Xornes, Mámoas do Monte Seixa, Razo Costa, Arnados, Baldaio, Malpica, Carballo, praia de Razo, praia de Baldaio, praia de Montefonte, praia da Pedra do Sal, praia de San Miro praia da Pradeira, praia das Torradas, Praia dos Riás, praia de San Miro, praia Area Maior, praia de Leira, praia Sisargas, o Porto do Razo, porto de Malpica, Santa Mariña, Avio, Castro de Oza, Pobo oleiro de Buño, Castro do Rodo, Castro de Brión, Castro de Torre Pardiñas, Monte da Capela, Monte de Brión, Monte de San Amaro, Pedra da Facha, Castro de Candces, Castro de Currás, Castro de Aldeola, Dolmen na Pedra da Arca, Castro de Taraio, Pazo de Taraio, Castro de Xornes, Castro de Corcoesto, Castrillón e área recreativa do Castrillón, o Xuncal de Baldaio, a Marisma de Baldaio, o Castro de Constenla, Mámoas de Carballedo, praia de Arnelas –

Montafonte, Alto do Lendo (302,2 metros), Mirador do Monte Perrol, Mirador do Pico de Meda, Castro de Montes Claros, Castro da Brea, Mámoas do Monte de Pedrablanca, Mámoas de Monte Carballa, roteiro do Monte Neme, Mirador de San Adrián,...etc.



Roteiro do Monte Neme e Miradoiro da Eira das Meigas, concello de Carballo



Balsas mineiras sin restaurar no Monte Neme. A este impacto paisaxístico severo hai que engadirle o do proxecto eólico Monte Neme

A isto hai que engadir as afeccións e impactos non avaliados da liña de evacuación do parque que prevé atravesar a Rede Natura 2000 ZEC Río Anllóns e a AEIP Val Fluvial do río Lourido.

Cómpre lembrar que o Monte Neme é un dos 74 xacementos romanos documentados no territorio ártabro.

<http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/tesisuned:ED-Pg-HHAT-Mjloira/LOIRA ENRIQUEZ Maria Josefa Tesis.pdf>

▪ **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA SOBRE ESPAZOS PROTEXIDOS:**

1. ZEC) de la Costa da Morte, código ES1110005
2. Complexo lagunar ou costeiro de Baldaio, Zona de Especial Protección para las Aves (ZEPA Razo-Baldaio)
3. IBA Costa da Morte

Costa da Morte

Código ZEC

ES1110005

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 [↗](#), pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014 [↗](#), do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014 [↗](#).

Concellos

Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee e Fisterra.

Superficie

11.809 ha.

Situación

Ao noroeste da provincia da Coruña. Franxa costeira que abarca a maior parte das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, así como unha pequena sección da Coruña, entre os termos municipais de Arteixo e Fisterra. Localidades de referencia: Caión, Malpica, Corme, Ponteceso, Laxe, Camelle, Camariñas, Muxía, Lires, Fisterra.

Outras figuras de protección

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.” Costa da Morte”, de 11.809 ha e “Costa da Morte (Norte)” de 7.962 ha.
- Zona de Especial Protección para as Aves ZEPA ES0000176 "Costa da Morte (Norte)", 7.962 ha.
A área se correspondese parcialmente coa IBA 004 Costa da Morte (Norte), incluída no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou arentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 <input checked="" type="checkbox"/>	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou arentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritima</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias

2120	Dunas m3obiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 ☒	Dunas costeiras fixas con vexetaci3on herb3acea (dunas grises)
2150 ☒	Dunas fixas descalcificadas atl3nticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresi3ons intradunales h3midas
2230	Dunas con c3spedes do Malcolmietalia
2260	Dunas con vexetaci3on escler3fila do Cisto-Lavenduletalia
3130	Augas estancadas, oligotr3ficas ou mesotr3ficas con vexetaci3on de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	R3os dos pisos basal a montano con vexetaci3on de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 ☒	Queirogais h3midos atl3nticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 ☒	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 ☒	Zonas subest3picas de gram3neas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calc3reos, turbosos ou arxilo-limosos(<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados h3midos mediterr3neos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidr3filos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 ☒	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transici3on
7150	Depresi3ons sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 ☒	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7220 ☒	Mananciais petrificantes con formaci3on de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
8130	Desprendementos mediterr3neos occidentais e term3filos
8220	Encostas rochosas sil3ceas con vexetaci3on casmof3tica
8230	Rochedos sil3ceos con vexetaci3on pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mari3as
91D0 ☒	Turbeiras boscosas
91E0 ☒	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Omphalodes littoralis</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Rumex rupestris</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
<i>Sphagnum pylaisii</i>	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/R3ptiles	Mam3feros
<i>Caretta caretta</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>

<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Phocoena phocoena</i>
	<i>Rhinolophus euryale</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>
	<i>Tursiops truncatus</i>

▪ **AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUEOLÓXICO E A SÚA DESCONTEXTUALIZACIÓN**

O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente. Contrariamente ao que se indica no estudo existen indicios máis que evidentes e razoables da existencia de máis patrimonio arqueolóxico.

A promotora obvia o impacto acumulado e sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación existentes no ámbito xeográfico de desenvolvemento e implantación do proxecto industrial eólico, incluída a súa infraestrutura asociada de evacuación.

1. GA15043026 EIRA DAS MOURAS
2. GA15043033 XACEMENTO FORTIFICADO DE A DEVESA
3. GA15043034 CASTRO DA DEVESA
4. RE15043002 MINAS DO MONTE NEME
5. GA15019008 CASTRO DO RODO
6. GA15019039 MÁMOA DOS CHANS
7. TOP1 EIRA VELLA/OS CASTROS
8. HÓRREO DE AVIÑO
9. CRUZ DE AVIÑO
10. CP-0616 MUIÑO DO REGO DA BANDEIRA 1
11. CP-0617 MUIÑO DO REGO DA BANDEIRA 2
12. CP-0618 MUIÑO DO REGO DA BANDEIRA 3

Teñan en conta que no rego de Riás está o Muíño de Cambón, o Muíño da Regueira, o Muíño Novo e o Muíño de Furriel. No rego da Bandeira hai outros catro muíños sen nome e no rego de Tuíxe está o Muíño do Vinculeiro e o Muíño e Félix. No rego do Vaa está o Muíño de Matamouros. No rego de Oza está o Muíño Vello. No rego das Devesas está o Muíño dos Patos.

Todo este patrimonio etnográfico fluvial tamén conta con pasos e pontellas, totalmente obviados no estudo de impacto ambiental. Tamen se obvia a Cruz da Raxeira.

Pero ademais obvian unha mancha de topónimos e microtoponimia como: o Oratorio, O Castro, Monte da Capela, Matamouros, o Faro ou Pedralva (no propio Monte Neme), Ginedo e Neme, Fonte do Rei, O Foxo, Os Foxos, Castrelo, as Chantas, Trémoa, Netoma, Os Castrelos, Covas, Avillarizas, a fonte de Santa Cristina, a fonte Seca, a Fonte Fiosalvo (no propio Monte Neme)...etc.

O monte xa estaba habitado no neolítico, moi posiblemente con asentamentos nas súas ladeiras na Idade dos Metais. Crese tamén que existiu un castro, que puido concordar coas obras de minería, xa que é deste lugar de onde procede a famosa "ARRACADA DE CANCES", peza de ourivaría castrexa atopada en 1950 no Rego de Bandeira durante os traballos na mina, e que hoxe se atopa no MUSEO DE PONTEVEDRA.

Cómpre lembrar que o Monte Neme é un dos 74 xacementos romanos documentados no territorio ártabro. Véxase:

El proceso de romanización en el antiguo territorio de los ártabros: formas de poblamiento y organización territorial a lo largo del periodo romano. Autora: María Josefa Loira Enríquez.

[http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/tesisuned:ED-Pg-HHAT-Mjloira/LOIRA ENRIQUEZ Maria Josefa Tesis.pdf](http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/tesisuned:ED-Pg-HHAT-Mjloira/LOIRA_ENRIQUEZ_Maria_Josefa_Tesis.pdf)

Tampouco se ten en conta a arqueoloxía da paisaxe e óbvias a importante relación visual que existe entre o Monte Neme, o Monte Perrol, o Pico de Meda, os castros que rodean ao Monte Neme: Castro de Oza, Castro do Rodo, Castro de Cances, Castro de Brión....etc.

Tamén se obvia o impacto acumulado e sinérxico do resto dos parques eólicos da entorna do parque proxectado e da súa infraestrutura de evacuación (cómpre ter en conta que esta afecta a moitos xacementos catalogados e sen catalogar).

Os Poderes Públicos están obrigados pola lei e as diferentes recomendacións e tratados internacionais ratificados polo Reino de España a unha actuación positiva, ampla e decidida na conservación, defensa e posta en valor dos Bens Culturais, Patrimoniais e Arqueolóxicos dado o seu carácter de bens inalienables de dominio público derivado da súa utilidade pública de máxima prevalencia fronte a calquera outra (Velasco, 2002).

Pero a súa vez, é deber inalienable por parte dos Poderes Públicos de protexer o contorno, ámbito, contexto, escenario ou ambiente dos bens culturais e arqueolóxicos evitando a súa descontextualización é un imperativo central repetido pola lexislación e os diferentes tratados e recomendacións internacionais sobre o patrimonio (Pose & Abuín, 2020). Nese sentido referenciamos a abordaxe desta cuestión que fai entre outras a Carta de Atenas de 1931, a Carta de Venecia de 1964, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de 1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an de 2005.

Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencellalo da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental.

Os Poderes Públicos están obrigados pola lei e as diferentes recomendacións e tratados internacionais ratificados polo Reino de España a unha actuación positiva, ampla e decidida na conservación, defensa e posta en valor dos Bens Culturais, Patrimoniais e Arqueolóxicos dado o seu carácter de bens inalienables de dominio público derivado da súa utilidade pública de máxima prevalencia fronte a calquera outra (Velasco, 2002).

Pero a súa vez, é deber inalienable por parte dos Poderes Públicos de protexer o contorno, ámbito, contexto, escenario ou ambiente dos bens culturais e arqueolóxicos evitando a súa descontextualización é un imperativo central repetido pola lexislación e os diferentes tratados e recomendacións internacionais sobre o patrimonio (Pose & Abuín, 2020). Nese sentido referenciamos a abordaxe desta cuestión que fai entre outras a Carta de Atenas de 1931, a Carta de Venecia de 1964, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de 1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an de 2005.

Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencellalo da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental.

XI.-_A IMPORTANCIA DAS VÍAS PECUARIAS OU CARREIROS TRADICIONAIS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS. FALLA DE AVALIACIÓN

- **A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICAS E O INTERCAMBIOXENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES**

As vías pecuarias constitúen un extenso e valioso patrimonio natural e cultural que, a pesar da súa deterioración, segue prestando servizo ao tránsito gandeiro e contribuíndo á preservación da flora e fauna silvestres, e, potencialmente, pode resultar moi útil para o fomento dos usos turístico-recreativos e do desenvolvemento rural. As vías pecuarias son, por todo iso, de gran valor estratéxico na explotación racional de recursos naturais e na ordenación do territorio.

En efecto, a Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias, manifesta no seu preámbulo que "a rede de vías pecuarias [máis de 100.000 km. repartidos por toda a xeografía peninsular] segue prestando un servizo á cabana gandeira

nacional que se explota en réxime extensivo [700.000 cabezas lanares, 100.000 vacinas e outras, en réxime trashumante/trastermitante], con favorables repercusións para o aproveitamento de recursos pastables infrautilizados [máis de 1.000.000 Has. marxinais], para a preservación de razas autóctonas [varias delas en transo de desaparición]; **tamén han de ser consideradas as vías pecuarias como auténticos corredores ecolóxicos, esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres**", e así o recoñece o **R. Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (art. 7)**. "Finalmente, e atendendo a unha demanda social crecente, as vías pecuarias poden constituír un instrumento favorecedor do contacto do home coa natureza e da ordenación da contorna ambiental".

Cómpre ter en conta que varios "vieiros a acondicionar" do proxecto desempeñan arestora unha función ambiental como carreiros e corredores ecolóxicos.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- Teña por presentadas estas alegacións por DEFECTOS DE TRAMITACIÓN en relación ao expediente relativo ao proxecto eólico de Monte Neme, nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (expediente 2020/0248), DOG Núm. 14, de 20 de xaneiro de 2023 e en relación ao Acordo do 24 de febreiro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Monte Neme nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña) (expediente IN661A 2007/04), DOG Núm. 47, de 9 de marzo de 2022. Anúlese por tanto a Declaración de impacto ambiental do proxecto eólico Monte Neme e procédase ao rexeitamento do proxecto en base ás consideracións expostas na parte expositiva deste escrito.

O proxecto eólico Neme afecta a zonas de máxima sensibilidade ambiental xa que se prevé o seu desenvolvemento na súa meirande parte sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, sobre humedais e paraxes higrófilas, con afección severa aos cauces da área de actuación, ás veigas dos ríos e a vales fluviais, a Zonas Protexidas de Augas potables, e a masas de augas soterradas que se solapan coa REDE NATURA 2000 afectando á necesaria coherencia desta e á conectividade ecolóxica. O impacto paisaxístico sobre o sistema lagunar e das marismas de Razo -Baldaio é irreversible. A afección ás aves prevése moi severa, xa que o proxecto prevé o seu desenvolvemento a escasos metros da liña do litoral. A afección a IBA e a ZEPA Costa da Morte é moi severa. Ademais non se avaliou suficientemente o impacto visual e paisaxístico sobre as Áreas de Especial Interese paisaxístico, sobre a rede de miradoiros e sobre os itinerarios. Cómpre ter en conta a afección que xa produce o parque eólico de Corme, tamén na beira do litoral da Costa da Morte e sobre Rede Natura.

O elevado número de infraestruturas eólicas existentes na área de afección do proxecto Monte Neme desvirtúa a funcionalidade das áreas de especial interese paisaxístico, dos itinerarios, dos lugares de especial interese paisaxístico, dos miradoiros e afecta de forma irreversible a conectividade ecolóxica.

O proxecto afecta a varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción, tal e como se indica na parte expositiva deste escrito. O impacto paisaxístico e a descontextualización do patrimonio cultural é inasumible.

A poligonal do proxecto eólico Monte Neme coincide con zonas de Máxima sensibilidade ambiental segundo a Clasificación de sensibilidade ambiental proporcionada pola Zonificación ambiental para enerxías renovables elaborada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (Resolución de 30 de decembro de 2020, de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, por la que se formula la declaración ambiental estratégica del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030, «BOE» núm. 9, de 11 de enero de 2021).

Según a información proporcionada por esta ferramenta, a superficie da poligonal do proxecto eólico Monte Neme afecta a áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, pola súa máxima sensibilidade ambiental, tal e como se indica na parte expositiva deste escrito.

2.- As Directrices Enerxéticas 2018-2020 de Galicia expoñen para a enerxía eólica unha potencia instalada en 2030 de 4.122 MW, sendo a finais de 2019 a potencia instalada de 3.986 MW. En setembro de 2022 esta potencia está amplamente superada, polo que o proxecto só se xustifica desde un punto de vista especulativo.

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Non se xustifica por tanto a necesidade do proxecto eólico Monte Neme.

3.- A información ambiental do proxecto eólico Monte Neme e a liña eléctrica de evacuación preséntase fragmentada en proxectos independentes ou divididos artificialmente, o que impide ao público a valoración conxunta e global da mesma, e por tanto dos impactos ambientais sinérxicos, aditivos e/ou acumulados do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A inclusión dos efectos e impactos das infraestruturas de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

4.- Non se ten en conta a función de descarbonización que realiza o monte galego nin a súa importante función social. Debérase repotenciar os parques eólicos existentes no canto de seguir inzando estacións eólicas sin control algún como o están a facer arestora. A ausencia de seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico propicia un elevado descontento social e a xeración de Feísmo Paisaxístico, e todo a prol do lobby eólico e en detrimento do benestar das familias que viven, residen e /ou traballan nos núcleos rurais afectados.

5.- Os proxectos eliminan a funcionalidade actual e potencial das vías pecuarias ou camiños tradicionais e non ten en conta A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA O INTERCAMBIO XENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES.

Cómpre ter en conta que moitos dos vieiros que se presentan no proxecto como “vieiros a acondicionar” cumpren unha función ecolóxica esencial como carreiros e corredores ecolóxicos que favorecen a permeabilidade e o fluxo de especies e da biodiversidade.

6.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso constátase un rexeitamento social ao proxecto eólico Monte Neme e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Debera abrirse previamente un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico Monte Neme aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxetivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil

promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

7.- A excesiva fragmentación dos ecosistemas e a falla de avaliación do impacto sobre o lobo ibérico afecta de forma severa ao seu hábitat, tendo en conta que o lobo atópase estritamente protexida. A corta de matogueira que se leva a cabo nas obras de construción dos parques afecta aos puntos de encame e puntos de encontro da especie. Tras a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, todas as poboacións de lobo (*Canis lupus*) están incluídos na “Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial” recollido no Real Decreto 139/2011.

Ademais da afección a especies catalogadas como vulnerables, existe unha afección severa a hábitats prioritarios e de interese comunitario. Existe a obriga de manter estes últimos nun estado de conservación favorable, o que é incompatible coa súa eliminación, como se prevé no caso do proxecto eólico Monte Neme.

Existe a obriga legal de conservar os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que é incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación.

7.- A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal das brañas e lagoas ubicadas na área de afección do proxecto.

A densidade das infraestruturas eólicas existentes e previstas na área de implantación dos proxectos descritos implica un risco claro de xerar “illas biolóxicas”, derivado da fragmentación excesiva dos hábitats e sin garantir a necesaria permeabilidade ecolóxica.

8.- A IMPORTANCIA DA LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os MONTES COMO RESERVORIOS E DEPÓSITOS DE FIXACIÓN DE CARBONO e a FUNCIÓN SOCIAL DO MONTE foi obviada na tramitación ambiental do proxecto eólico Monte Neme e os parques eólicos en tramitación na área de afección destes.

As cimentacións dos parques eólicos, a construción e acondicionamento de viais, a insalación de gabias de cableado, a proxección das liñas de evacuación cos respectivos puntos de apoio e accesos aos mesmos, xunto coa remoción de toneladas de terra precista para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal e dos humedais convirte aos chans en recurso natural non renovable e finito que perde a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible. O mesmo sucede cos humedais e os terreos ribeiregos aos cauces, coa conseguinte afección á necesaria conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade dos ecosistemas e dos hábitats.

O desenvolvemento eólico non consegue axudar no desenvolvemento económico das comunidades rurais afectadas, mentres que o aproveitamento forestal que se ve ameazado co desenvolvemento eólico supón unha axuda económica importantísima nas economías familiares.

Non debería argumentarse a necesidade de instalar parques eólicos en beneficio do medio ambiente perxudicando algo que actualmente está realizando de forma activa unha labor protectora do solo, da biodiversidade e ademais mitigando o cambio climático.

A proliferación de parques eólicos nos municipios afectados e contorna, co conseguinte impacto paisaxístico e medio ambiental, inciden directamente nas posibles oportunidades dos municipios afectados para conseguir loitar contra o despoboamento rural.

Ninguén nin ningún poder público ou Administración ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe, protexido polo Convenio europeo da Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan.

Neste caso debe considerarse a actividade eólica como un uso incompatible e prohibido en relación a capacidade de produción forestal e vocación tradicional dos terreos nos que se asientan as explotacións forestais e os prexuízos irreversibles para os humedais presentes e afectados polas infraestruturas do proxecto do proxecto

eólico Monte Neme e as infraestruturas asociadas de evacuación que afecta de forma significativa e irreversible á conectividade ecolóxica dos ecosistemas.

9.- O trámite ambiental levado a cabo na tramitación do proxecto do parque eólico Monte Neme non permite valorar a importancia da zonificación da conectividade ecolóxica estrutural como variable transcendental para coñecer o grao de facilidade ou dificultade que un espazo natural posúe para albergar as interrelacións da biodiversidade.

Analizada a documentación ambiental das infraestruturas detéctase que a metodoloxía empregada non permitiu definir as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural da área xeográfica de implantación dos proxectos.

Non se determinou o índice de fragmentación dos ecosistemas e polo tanto non se puido establecer o grao de conectividade/criticidade.

Non se estableceron as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural. Nesta relación un maior grao de criticidade conleva a un menor grao de conectividade ecolóxica estrutural.

Á vista do elevado número de parques xa instalados e os que están a ser obxecto de tramitación débese avaliar os impactos acumulados, sinérxicos e globais de todas as infraestruturas, e máis tendo en conta que non se está a facer un seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia, e polo tanto non se dispoñen de datos ao respecto.

Cómpre ter en conta que o actual Plan Sectorial eólico non foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica nin está adaptado ao Convenio europeo da Paisaxe. Tampouco está a realizarse un seguimento ambiental do mesmo.

10.- Por outra banda non se permite o acceso aos estudos de colisión e electrocución da avifauna actualizados dos que dispoña o órgano ambiental tanto con respecto aos parques eólicos como ás liñas de media e alta tensión e nos que se basean as mercantiles promotoras para facer as súas previsións, xa que logo, todo indica que desde a elaboración dun estudo realizado por Arcea no ano 2009 non se volveron a actualizar os datos, os estudos ou informes, pese a avalancha de parques eólicos e instalacións de evacuación que se están a tramitar. O mesmo se pide en relación cos estudos de quirópteros. Solicítase acceso aos estudos de colisión e electrocución da avifauna actualizados dos que dispoña o órgano ambiental tanto con respecto aos parques eólicos como ás liñas de media e alta tensión e nos que se basean as mercantiles promotoras para facer as súas previsións.

Cómpre ter en conta que resulta pouco probable poder avaliar os impactos sinérxicos, aditivos e/ou acumulados dos impactos dos aeroxeradores e das demais infraestruturas sobre a avifauna cando o propio órgano ambiental carece destes, polo que a avaliación dos impactos sobre a avifauna será deficiente e incompleta e as promotoras difícilmente poderán avaliar os impactos dos parques próximos porque carecerían de datos, polo que o seguimento ambiental tampouco permitiría establecer comparativas pola falla de datos.

11.- Preocupa moito a contaminación lumínica dos numerosos aeroxeradores instalados na área xeográfica do proxecto e a súa afección á Rede Natura 2000 e ás aves en perigo de extinción e vulnerables.

É necesario considerar ademais que a iluminación dos aeroxeradores presenta moitas outras problemáticas sociais, xerando molestias a distintos niveis á poboación circundante a nivel de saúde pública e conferindo á paisaxe «unha imaxe de desasosego». Doutra banda, organizacións de referencia como SEO/Birdlife alertaron que as luces e escintileos luminosos provenientes dos aeroxeradores alteran os ciclos naturais de moitos seres vivos durante o período nocturno e as súas pautas de comportamento ao modificar os seus ritmos circadianos, chegando a desorientar ás aves e certos anfibios nos seus procesos migratorios.

12.- Solicítase acceso aos informes sectoriais do proxecto Monte Neme que deberan ser obxecto de exposición pública e que non foron. Fundaméntase esta petición no dereito de acceso á documentación ambiental do proxecto baseada no Convenio de Aarhus.

Por outra banda, durante a tramitación do procedemento tampouco se permitiu o acceso á documentación ambiental do proxecto eólico Monte Neme, xa que a ligazón web indicada na Resolución de exposición ao público non estivo habilitada para consulta máis alá do período da exposición pública do proxecto. Non deberan limitar o acceso á información ambiental dos proxectos industriais eólicos pola aplicación do Convenio de Aarhus e a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Carballo, 21 de xaneiro de 2023

Asdo.- _____